

Cando o romanticismo entra na empresa

Dedicou a súa vida a rescatar o espírito do galeguismo. Unha breve incursión na pintura pon ao descuberto uns dotes e unha sensibilidade que o consagran como pintor de primeira liña. Aínda así, o seu sentimento galeguista antepónse a calquera outra consideración e acaba por abandonar prematuramente esta etapa. A partir dese momento todos os seus esforzos se encamiñarán cara a dous obxectivos: recuperar a memoria histórica e levar a arte e a cultura galega a un primeirísimo plano, o que consegue a través dun proxecto empresarial exemplar.

Isaac Díaz Pardo nace en 1920, na Casa da Tumbona, na rúa das Hortas de Santiago de Compostela, onde medra moi vinculado ao ambiente artístico e intelectual. Seu pai, Camilo Díaz Baliño, era pintor, ilustrador e escenógrafo. Non recorda a que idade comezou a traballar con el, “teño a impresión de que foi dende que nacín”. Isaac axudáballe na decoración e nos letreiros, pero no ano 1936 responsabilízao da maioría dos carteis de propaganda do Estatuto de Autonomía. “Meu pai fixo un, Luís Seoane outro e dos demais encargueime eu, incluso dos de Castelao. Iso si, sempre guiado por meu pai, que non me deixou asinar máis que o dos comunistas. Nos outros figura o nome de Xalo”.

Daquela Díaz Baliño estaba moi ocupado. “El era delineante do concello, asesor e amigo íntimo de Ánxel Casal, o alcalde. Amosoume a lámina do álbum “Nós”, na que un fragueiro co machado ao lombo lles di a uns nenos: Rapaces a nosa terra non é nosa. Mandouma reproducir e poñer por abaixo: Para que a nosa terra sexa nosa, vota ao Estatuto”.

Despois desta experiencia, o propio Castelao encárgalle outro debuxo coloreado. “Era duns 20 centímetros e representaba unha vaca á que unha rapaza lle dá de comer mentres un señorito con chistera a está muxindo”. “Deste debuxo o único que queda é a interpretación que fixen eu. O orixinal estaba no despacho de meu pai e perdeuse nun dos asaltos dos falanxistas á nosa casa; unha verdadeira mágoa, porque era moi significativo”.

Castelao ía moito polo taller de Díaz Baliño, tamén Constantino Candeira, José Silva, Vicente Risco, Otero Pedrayo, Paz Andrade, Luís Seoane, Rafael Dieste, Antón Vilar Ponte, Ánxel Casal e Blanco-Amor. Daquela, Isaac e outros rapaces novos coma el pretendían cambiar o mundo. “Escribiamos verdadeiras barbaridades en pasquins que imprimiamos na imprenta Nós, de Ánxel Casal”. Recorda que antes de repartilos había que presentalos no concello, pero eles poñíanos en circulación sen facer ese trámite. Ánxel Casal amoestou a Isaac por este motivo, nunha das reunións celebradas por mor da propaganda do Estatuto, que facían no propio taller de seu pai, e na que estaban el, Castelao e Casal. As súas palabras exactas foron: “Andades a repartir pasquins sen presentalos no concello” (“se o sabería el que era quen os imprimía...”). A Isaac non se lle ocorreu máis que dicirlle: “Vós sodes uns reaccionarios”. Ao final “o meu pai botoume a patadas de alí,

Casal puxo cara de can, e Castealo parece ser que dixo ¡Vaia co rapaz! “Hai que dicir que, as Xuventudes Socialistas Unificadas traballabamos máis que ninguén na propaganda do Estatuto, e que para nós os galeguistas, eran reaccionarios”. Esta rapazada miña pesoume toda a vida, pois dous dos que insultei foron inmolados nas cunetas e o terceiro morreu loitando no exilio.

No 1920 a familia viñera para Santiago. Isaac Fraga, padriño de Díaz Pardo tiña empresas de teatro e de cine, e ese mesmo ano instala a central de propaganda da escenografía na Casa da Tumbona. “Por outra banda, cando meu pai chegou alí traía unhas credenciais, que aínda conservo. Nelas recoñecíase o seu papel como representante das Irmandades da Fala, unha organización que aquí aínda non prendera, porque existía unha gran dispersión entre o movemento galeguista do norte e do sur”. Era unha das razóns polas que a Casa da Tumbona se convertería en punto de encontro da intelectualidade galega da época. “As tertulias servían para unificar as ideas e eu, xa daquela, era consciente de que se vivían momentos difíciles, pero moi importantes, e que nas Irmandades da Fala estaban os mellores”.

Díaz Pardo

11

54

eduga

Revista Galega do Ensino

Texto_ **Gena Borrajo**

Fotografía_ **Fernando Bellas**





**Na casa
na que naceu
e viviu
Díaz Pardo,
reuníase a
intelectualidade
galega
da época**

A guerra cambia o rumbo da súa vida

“A guerra foi moi dramática. No ano 1936 inmolan a meu pai cando eu aínda estaba estudando bacharelato. Quedamos sen nada de nada”. Naquel tempo Isaac formaba parte dun grupo de xente nova moi comprometida. “Un día os falanxistas colleron a un dos compañeiros, que era fillo dun anarquista, e pegáronlle unha puñalada. Nós perseguimos os asasinados, pero non os alcanzamos; entón fomos ata a farmacia de Víctor Muñoz, que era o xefe da Falanxe, e desfixémoslla a pedradas”. Este feito abriría un proceso nomeado “Díaz Pardo y otros”.

“A verdade é que me salvei de casualidade e grazas ao doutor Puente Castro, un médico de Santiago moi amigo da casa. Este doutor tiña unha filla que mantiña relacións cun falanxista, e chamou a miña familia da Coruña para dicirlle que eu corría perigo. Fóronme buscar e meu tío Indalecio agochoume na súa casa, situada no número 23 da Praza de Pontevedra. Así estiven medio ano sen moverme”. A persecución durou ata o ano 1945 e non estaba só motivada pola súa significación co galeguismo e polo cartel asinado co seu nome, no que aparecían “dúas estrelas e os camaradas”, senón e sobre todo, polo de apedrar a farmacia.

A guerra tamén trastornou o seu futuro profesional. “Eu, nun principio quería ser arquitecto. A meu pai tamén lle gustaba a idea, pero fixen Be-



las Artes porque era máis barato". Daquela estudar Arquitectura era moi custoso porque só había dúas escolas, a de Barcelona e a de Madrid, e o mesmo acceso resultaba difícil. Logo os estudos eran carísimos e a familia quedara totalmente arruinada. Estas circunstancias e unha bolsa da Deputación Provincial da Coruña lévano, en 1940, a estudar Belas Artes na Academia de San Fernando en Madrid.

Durante a súa estancia na capital, visita con frecuencia o Museo do Prado e enchópase dos clásicos. A partir deste momento dedícase de forma profesional á pintura, e grazas á bolsa Conde de Cartagena pode coñecer os museos de España. Tamén participa nun congreso de artistas europeos e viaxa a Italia, o que lle permite coñecer os renacentistas, pintores que influíron notablemente na súa obra, tanto na maneira de debuxar e de empregar as perspectivas, como na de usar as cores e lles dar vida aos corpos. Non en van será esta a época considerada polos críticos como a mellor da súa produción pictórica.

Nunha segunda etapa, a preocupación social vaise facendo presente na súa obra, polo que as creacións mostran un aire renovador que se afasta do clasicismo inicial, e a carga testemuñal traslada os seus dotes artísticos a un segundo plano.

Durante este período, Díaz Pardo traballa como profesor de Debuxo en Barcelona. "Pódese dicir que me trataban ben e, incluso, me deron un premio do Estado, mais eu non me sentía cómodo". A realidade que

"Eu, nun principio, quixen ser arquitecto, pero fixen Belas Artes porque era máis barato"

estaba a vivir, batía de fronte coas súas ideas e “sentía que dalgunha maneira estaba colaborando co Réxime”. Por este motivo, no ano 1946 vai a Londres para poñerse en contacto con exiliados, e no 1947 toma a decisión de cambiar de vida. “Pensei que era mellor facer cacharros que seguir en Madrid”. Desta maneira dá o salto á cerámica.

Cerámicas e memoria histórica

Un ano despois de abandonar a pintura inicia o proxecto de Cerámicas do Castro, en Sada (A Coruña), que serviu de laboratorio. Trataban de recuperar a fábrica de Sargadelos, que tanta proxección tivera para Galicia nos séculos XVIII e XIX. “O laboratorio do Castro proporcionounos moitos éxitos, aínda que o franquismo se nos meteu dentro, porque dona Carmen Polo de Franco non saía de alí nos veráns. O proxecto fíxose realidade e montouse unha empresa de cerámica.

En 1955, Díaz Pardo entra en contacto con exiliados de América. “Vinme, de súpeto no gran Bos Aires e alí creamos unha industria semellante, a Fábrica de Porcelanas de Magdalena, situada a pouco máis de cen quilómetros da capital”. O máis interesante desa etapa e que “pouco a pouco xermola unha conciencia distinta nos exiliados. Ata tal punto foi así que chegan a formular a seguinte pregunta: que faremos cando retornemos

a Galicia? A resposta foi unánime: hai que recuperar a memoria histórica das institucións que desapareceron”.

Así é como funda, xunto con Luís Seoane, o Laboratorio de Formas e a editorial Edicións do Castro. Ao primeiro a actividade desenvolvíase timidamente. “Escribíamos sobre artistas exiliados, e sobre mortos. En canto finou Franco, puidemos facer un traballo de maior envergadura, como a colección de máis de 200 títulos sobre a historia contemporánea de Galicia, a máis importante que se ten feito sobre o tema”.

Por outra banda, puxemos en marcha o Seminario de Estudos Galegos e o Movemento Renovador da Arte Galega, unha idea que xa tiña Luís Seoane. “Daquela, os artistas estaban perseguidos ou no exilio. Incluso mataron a tres na guerra...” Polo tanto, había que crear unha institución que recollese a obra e a documentación deste movemento. A idea materialízase en 1970 no Museo Carlos Maside, pensado e promovido desde o Laboratorio de Formas. Este museo pasaría a ser un lugar destinado á exposición de artistas galegos posteriores a 1920, cuxa obra rompese coa liña oficial e buscábase novas formas de expresión a partir de Castelao.

“O máis interesante da miña etapa na Arxentina é que asisto ao xermolar dunha conciencia distinta nos exiliados”





Ponse en marcha Sargadelos

Un dos compromisos que debía asumir o Laboratorio de Formas era recuperar Sargadelos, “que non era calquera cousa”. Con esa idea retorna a Galicia en 1968. Ese mesmo ano principian os ensaios, e en 1970 inaugúrase a súa planta circular, que foi o núcleo principal da nova industria e conseguiría un produto cuxa estética combina tradición e vangarda. O estilo desta segunda etapa de Sargadelos marca unha clara diferenza coa primeira. O seu impulsor trata de fuxir dunha simple imitación dos deseños orixinais. Era preciso combinar a tradición coas tendencias máis actuais, sen perder o selo da cultura galega. E conségueno a través dun produto que atopa o seu valor no deseño e na boa calidade dos caolíns de Sargadelos. Isaac recorda que comezaron “coa colección de xerras feitas por Luís Seoane cos personaxes históricos de Galicia”.

As cerámicas acabaron por converterse nun medio excelente para dar a coñecer a cultura e a natureza galegas. Así nacen series sobre fauna, profesións tradicionais, ou máscaras do Entroido. No 1972 o Ministerio de Instrución declara Conxunto Histórico Artístico o antigo recinto de Sargadelos, concedéndolle ao Laboratorio de Formas a facultade de desenvolvelo. Tamén se constitúe o Real Patronato de Sargadelos, que se ocupará do coidado, protección e reconstrución das antigas dependencias.

Sargadelos chega a ser un modelo de progreso industrial e un excelente medio de difusión da cultura. Con esta intención nacen as Galerías Sargadelos en Barcelona, Santiago de Compostela, Ourense, Ferrol, Lugo, Vigo, Madrid, Sevilla, Milán, Porto, Cervo e O Castro de Samoedo. Todas funcionan como salas de exposición, puntos de venda e, ao mesmo tem-

po, como librarías especializadas, como locais de conferencias e, en xeral, como lugar de encontro para tratar temas de interese cultural.

Os excelentes resultados deste complexo industrial propiciou, en 1972, a posta en marcha da Fundación do Seminario de Sargadelos, que ten como finalidade levar a termo tarefas de investigación e comunicación, e que dedica boa parte dos seus esforzos á realización de cursos estivais arredor de diversos aspectos relacionados coa cerámica, o deseño e a comunicación.

A última iniciativa do Laboratorio de Formas foi o Instituto Galego de Información, a partir dunha idea de Lorenzo Varela, que nacería coa intención de contribuír á creación dun sistema galego de información e de opinión pública.



Recoñecementos

Cando se lle pregunta a Isaac Díaz Pardo sobre as facetas da súa vida e os proxectos realizados que lle reportaron máis alegrías, réstalle importancia ao seu traballo e responde con ironía: “eu dediqueime a temperar gaitas e a limpar merdas”.

Pero a traxectoria profesional de Díaz Pardo vén avalada por moitas distincións, como o Pedrón de Ouro (1976), a Medalla de Ouro e Fillo Predilecto da cidade de Santiago de Compostela (1988), o Premio Otero Pedrayo das Deputacións Provinciais (1990), a Insignia de Ouro (1991) e Doutor Honoris Causa (1992) pola Universidade de Santiago de Compostela, o Premio Trasalba da Fundación Otero Pedrayo (1993), a Vieira de Prata do Patronato da Cultura Galega de Montevideo (1995), o Premio das Artes e das Letras da Xunta de Galicia (2003). É Arquitecto Honorífico do Colexio de Arquitectos de Galicia (2001), e foille outorgado o Premio Araganey de Ouro (2006). É Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña (2007) e foille concedida a Medalla de Ouro de Galicia da Xunta (2007).

Algunhas das súas obras

Díaz Pardo cultivou o ensaio, a crítica e o teatro, e escribiu numerosos artigos xornalísticos, principalmente de historia contemporánea e economía. Estas son algunhas das súas publicacións:

Xente do meu rueiro (1954)
Bos Aires, Ed. Ars Nova.

Midas e o ángulo de pedra (1957)
Bos Aires, Ed. Citania.

El ceramista Arranz y su escuela (1960)
A Coruña, Ediciós do Castro.

Galicia Hoy (1965) en colaboración
con Luís Seoane
París, Ed. Ruedo Ibérico.

Paco Pixiñas (1970) en colaboración con
Celso Emilio Ferreiro, cartel de cego.
A Coruña, Ediciós do Castro.

El Marqués de Sargadelos (1970) cartel de cego.
A Coruña, Ediciós do Castro.

Castelao (1985) cartel de cego.
A Coruña, Ediciós do Castro.

Galicia hoy y el resto del mundo (1987)
A Coruña, Ediciós do Castro.

